

**SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE BUEU PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “REFORMA E AMPLIACIÓN DA BIBLIOTECA MUNICIPAL TORRENTE BALLESTER DE BUEU”, NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA)**

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE POR:

**SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE BUEU PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “REFORMA E AMPLIACIÓN DA BIBLIOTECA MUNICIPAL TORRENTE BALLESTER DE BUEU”, NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA)**

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

**INTERVEÑEN**

Dunha parte, D. Luis López Diéguez, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como presidente deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), e o artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA).

Doutra parte, D. Félix Juncal Novas, quen actúa no nome e na representación do Concello de Bueu, en virtude da súa condición de alcalde-presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da LRBRL, no artigo 61.1 da LALGA e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúa D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización desta addenda ao convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

**EXPOÑEN**

I. Na data 17/12/2021 o Pleno da Corporación Provincial, adoptou o acordo núm. 4.7719 polo que se aprobou a concesión dunha subvención, polo procedemento de concorrencia competitiva, ao Concello de Bueu, con destino á execución da actuación denominada “REFORMA E AMPLIACIÓN DA BIBLIOTECA MUNICIPAL TORRENTE BALLESTER DE BUEU”, ao abeiro do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-Covid-19. Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).

II. O orzamento do investimento ascendía a 916.559,80€ e a subvención concedida a 687.419,85€ (75%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 229.139,95€ (25%).



III. De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. 2022001086 de 14/02/2022 aprobouse o correspondente convenio de colaboración, que se asinou o día 17/02/2022. O dito convenio ten por obxecto definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes. Na súa cláusula 6ª recóllese que, de xurdir a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

IV. Por acordo núm. 8.31497 da Xunta de Goberno do 25/03/2022 concedeuse unha subvención ao Concello por importe de 229.139,95€, con cargo á anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-2023, para financiar a totalidade da achega municipal do citado investimento.

V. Na data 29/07/2022 o Concello adxudica a realización do investimento á entidade mercantil Obras Gallaecia, SL, por importe de 915.565,65€ (IVE incluído), resultando unha baixa de adxudicación de 994,15€ (0,11%), formalizándose o contrato administrativo o 19/08/2022.

VI. Na data 30/11/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2022060881) o certificado do acordo adoptado polo Pleno Municipal de data 24/11/2022 de aprobación da resolución por mutuo acordo do citado contrato da obra. O acordo foi tomado con base na solicitude de resolución do contrato presentada pola empresa adxudicataria (que foi a única que se presentou á licitación). A empresa motivou a solicitude de resolución do contrato no incremento substancial dos prezos respecto dos estipulados no proxecto.

VII. O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 8.7908, adoptado na súa sesión ordinaria de data 21/12/2022, aprobou o proxecto reformulado da actuación denominada “Reforma e ampliación da biblioteca municipal Torrente Ballester de Bueu”, segundo o proxecto presentado polo Concello no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2022062636) na data 12/12/2022 (Proxecto redactado en novembro de 2022 e aprobado polo Pleno da corporación municipal de data 09/12/2022). O orzamento do antedito proxecto ascende a 1.108.321,90€, o que supón un incremento de 191.762,10€ (20,92% sobre o orzamento inicial).

VIII. Por outra banda, o Pleno provincial na súa sesión ordinaria de data 27/01/2023, adoptou o acordo núm. 7.7926 polo que se prorroga ata o 31/12/2023 o prazo de execución dos investimentos acollidos no Programa ReacPon e ata o 31/05/2024 o prazo de xustificación dos mesmos.

IX. Posteriormente, por acordo núm. 7.32265 da Xunta de Goberno do 17/02/2023 concedeuse unha subvención ao Concello por importe de 191.762,10€, con cargo á anualidade 2023 do Plan Concellos 2022-2023, para financiar o incremento da achega municipal, resultante do reformulado do proxecto.



X. Mediante a resolución presidencial núm. RP2023004263, de 29/05/2023, apróbase a correspondente addenda ao convenio, a cal se asinou o día 01/06/2023.

XI. O concello, na data 02/05/2023, adxudica o contrato administrativo de obra á empresa CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU, por un importe de 986.184,82€, resultando unha baixa de adxudicación de 122.137,08€. O contrato formalizouse o 09/05/2023.

XII. Na data 16/11/2023 o concello presenta no Rexistro da Deputación (registro núm. WEB2023063380) o proxecto modificado da actuación “Reforma e ampliación da biblioteca municipal Torrente Ballester de Bueu”. O orzamento do novo proxecto ascende a 1.245.778,78€, o que supón un incremento de 137.456,88€, resultando un 12,40% sobre o orzamento do proxecto reformulado.

XIII. Na data 29/12/2023 o Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 7.8106, aprobou o proxecto técnico modificado, tendo en conta as novas obrigas económicas en relación ao orzamento da actuación, o importe da subvención e o importe a cofinanciar

XIV. Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente o seu desexo de asinar unha nova addenda para adaptar o texto do Convenio asinado o 17/02/2022, e modificado pola addenda asinada o 01/06/2023, ás novas condicións establecidas no antedito acordos, con arranxo ás seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. FINANCIAMENTO

As partes acordan modificar a cláusula Segunda do Convenio, relativa ao financiamento da actuación denominada “REFORMA E AMPLIACIÓN DA BIBLIOTECA MUNICIPAL TORRENTE BALLESTER DE BUEU” no marco do Programa ReacPon, polo incremento do orzamento, derivado do reformulado do proxecto, e do importe da achega municipal prevista no convenio, quedando redactada do seguinte xeito:

*“O custo total da actuación ascende a un millón cento oito mil catrocentos noventa e tres euros con noventa e cinco céntimos (1.108.493,95€).*

*Deste importe, ao abeiro do Programa ReacPon, a Deputación financiará unha contía máxima de seiscientos oitenta e sete mil catrocentos dezanove euros con oitenta e cinco céntimos (687.419,85€), que supón unha porcentaxe total sobre o orzamento do 62,01%, que se imputarán contra a aplicación orzamentaria 2024/942.9420.762.75.2021 do vixente orzamento provincial.*

*Pola súa banda, o Concello achegará a cantidade restante ata completar o orzamento, o que supón unha contía de catrocentos vinte e un mil setenta e catro euros con dez céntimos (421.074,10€) e unha porcentaxe de cofinanciamento do 37,99%, dos que douscentos vinte e nove mil cento trinta e nove euros con noventa e cinco céntimos (229.139,95€) serán financiados coa subvención concedida pola Deputación con cargo a anualidade 2022 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 e cento noventa e un mil setecentos sesenta e dous euros con dez céntimos (191.762,10€) coa subvención concedida pola Deputación con cargo a anualidade 2023 do Plan Concellos*



*2022-2023 e cento setenta e dous euros con cinco céntimos (172,05€) con cargo á correspondente aplicación do orzamento do Concello ou con outro tipo de axudas que a entidade local poida obter.”*

O novo financiamento da actuación recóllese na seguinte táboa:

<b>Orzamento (proxecto modificado)</b>	<b>1.108.493,95 €</b>
Subvención (Programa REACPON)	687.419,85 €
Plan Concellos 2022-2023 (anualidade 2022)	229.139,95 €
Plan Concellos 2022-2023 (anualidade 2023)	191.762,10 €
Achega municipal	172,05 €

## **SEGUNDA. RÉXIME XURÍDICO**

En todo o demais permanecerá invariable o contido do Convenio asinado o 17/02/2022, e modificado pola addenda asinada o 01/06/2023, suxeitándose as partes ás súas cláusulas.

E, como proba de conformidade, as partes que interveñen asinan a presente addenda na data da sinatura electrónica.

O presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, D. Luis López Diéguez

O alcalde-presidente do Concello de Bueu, D. Félix Juncal Novas

O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, D. Carlos Cuadrado Romay

